

Expediente: 294/2024

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DE UN AUXILIAR PARA “Atención da Biblioteca e do Centro de Interpretación da Casa da Lagoa”,

BASE PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

O emprego dos medios materiais idóneos e de recursos humanos suficientemente preparados é unha necesidade imprescindible hoxe en día para poder levar a cabo de maneira adecuada os servizos que presta o Concello de Sandiás os/as cidadanos/as.

Na cuestión relativa a organización dos recursos humanos no sector público débese ter en conta os principios constitucionais de acceso o emprego público previstos nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución Española, e que son os de igualdade, mérito e capacidade. Débese ter en conta tamén que a Administración Local, é a que está máis cerca das demandas de servizos.

O artigo 35 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal o servizo da Administración Xeral do Estado e da provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado para estes efectos dispón: " Contratación do persoal laboral non permanente. Os Departamentos ministeriais poderán proceder a contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non podan ser atendidos polo persoal laboral fixo, despois de informe favorable dos Ministerios para as Administracións Públicas e de Economía e Facenda. Ditos contratos firmaranse conforme aos principios de mérito, capacidade, e axustándose as normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen polo Ministerio para as Administracións Públicas.

O obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para contratar un auxiliar para “Atención da Biblioteca e do Centro de Interpretación da Casa da Lagoa”.

A bolsa de emprego terá vixencia dende 2024 ó 31 de decembro de 2027.

O sistema de selección é o concurso-oposición.

BASE SEGUNDA.- Natureza do contrato.

Contrato laboral a formalizar: Contrato laboral temporal ao abeiro da lexislación vixente.

Xornada laboral: Xornada completa.

Salario bruto mensual: 1.323 euros (incluídos a parte proporcional das pagas extraordinarias).

Xustificación: Contratar a unha persoa para atención da Biblioteca e da Casa da Lagoa por circunstancias da produción, co aumento da demanda durante o período estival producindo



unha oscilación da actividade normal que xera un desaxuste temporal entre o emprego estable e o requirido, a xornada completa, con unha duración de 3 meses (os primeiros quince días serán o período de proba).

BASE TERCEIRA.- Condicións e requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, permita o acceso ao emprego público como persoal laboral.
2. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
3. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
4. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
5. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
6. Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibición e provocación sexual, prostitución e explotación e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.
7. Estar en posesión das seguintes titulacións:
Graduado escolar ou equivalente.

Todos os requisitos deberanse posuír como data límite ao último día do prazo de presentación de instancias e manterse no momento da formalización do contrato laboral temporal.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/a interesado/a, deberá propoñer ao alcalde da Corporación a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

8. Galego: Acredita-lo coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio da presentación do certificado de lingua galega (mínimo Celga 2 ou equivalente). No caso de non posuír a titulación sinalada valorarase o coñecemento de Galego a través dunha proba de galego consistente na tradución dun texto do Galego ao Castelán e doutro do Castelán ao Galego; que se poderá substituír, se o tribunal o considera oportuno, por unha entrevista para observar o desenvolvemento do interesado en galego. Este exercicio valorarase como apto ou



non apto, e corresponderalle ó tribunal determina-lo nivel de coñecementos esixidos para acadar dito resultado.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

BASE CUARTA.- Proceso de selección.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido no artigo 6º das presentes bases.

BASE QUINTA.- Documentación a presentar

As solicitudes para participar no presente procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se achega a estas bases e dirixiranse ao señor alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do concello ou polas outras formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no "Boletín Oficial da Provincia de Ourense", sendo o horario de presentación de documentación: de luns a venres: 9.00 a 14.30 h.

O mesmo día no que saia publicada a convocatoria do procedemento no BOP de Ourense, as bases exporansena sede electrónica do Concello de Sandiás, expoñéndose tamén anuncio da convocatoria e forma de obter copia das bases no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás, co obxecto de cumprir cos principios de máxima publicidade e difusión da convocatoria; no suposto de non ser posible publicar as bases o mesmo día que saia publicada a convocatoria no BOP de Ourense, entón o prazo de presentación de solicitudes comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación das bases na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por correo electrónico o concello (concello.sandias@eidolocal.es) avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. En caso contrario, de chegar a documentación ao Rexistro Xeral do Concello fóra de prazo, entenderase presentada fóra de prazo, quedando excluído/a do procedemento.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do documento nacional de identidade en vigor ou pasaporte en vigor.

Os/as aspirantes estranxeiros/as deberán presentar documento que acredite ser nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados intencionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de



traballadores/as. Así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición. Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademais da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.

- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. (Anexo II-A).

- Declaración de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibición e provocación sexual, prostitución e explotación e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (Anexo II-B),

- Acreditación de estar en posesión da titulación esixida ou no seu defecto xustificante de ter efectuado o depósito para obtela, non admitíndose como acreditación o presentar soamente a certificación académica se non consta nela ter pagadas as taxas para a expedición do título.

No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros, deberá achegarse certificación do ministerio correspondente en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

- Xustificante emitido pola entidade bancaria do pago da taxa ou acreditación -no seu caso-, da documentación que xustifique estar incurso en motivos de exención/bonificación.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

As compulsas deberán estar realizadas por notario, secretario/a deste concello ou funcionario/a deste concello en quen delegue, admitíndose tamén as compulsas que se realicen nos rexistros das administracións públicas a través das cales se considera válido que se presente a documentación para o seu posterior envío (sempre e cando se entreguen no dito rexistro para a remisión ao Rexistro Xeral deste concello), especificados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Pago de taxas.

1. As persoas aspirantes deberán abonar, en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal, a taxa de inscrición cuxa concreta contía será a seguinte, en función de cada Grupo para o persoal laboral

IV:6,00€



Pódese abonar de dous modos:

- 1 Transferencia bancaria electrónica.
- 2 De maneira presencial en calquera oficina da Banca

No suposto de proceder ao pago mediante transferencia bancaria electrónica ou de forma presencial, o número de conta bancaria da Banca é o seguinte: ES79 2080 5337 0031 1000 2073

Ás cotas tributarias anteriores, seranlle de aplicación as seguintes reducións:

a) Do 100 por cen, naqueles casos nos que o suxeito pasivo sexa unha persoa que figura rexistrada como desempregada, referida á data da publicación da convocatoria das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia. Para a aplicación da mencionada redución, o suxeito pasivo deberá acreditar as circunstancias descritas no parágrafo anterior, mediante a presentación de certificado de desemprego, emitido polo Servizo de Emprego que corresponda.

b) Do 100 por cen, a favor de vítimas de violencia de xénero. Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá achegar resolución xudicial ou orde de protección ditada a favor da vítima ou, na súa falta, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de ser vítima de violencia de xénero, ata que se dite a orde de protección, de conformidade coa normativa vixente na materia.

c) Do 100 por cen a favor de persoas en situación de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá achegar a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedida pola correspondente comunidade autónoma.

--Están exentas do pago da taxa as vítimas de terrorismo, o cónxuxe e os seus ascendentes ou descendentes, por natureza ou adopción. Para os efectos do goce desta exención, equipárase o conxuge con quen conviva ou convivira coa vítima con análoga relación de afectividade e acredite, en tal sentido, en virtude do certificado expedido para o efecto, a súa inscrición no Rexistro de Unións de feito da comunidade autónoma correspondente. Para a aplicación desta exención, o suxeito pasivo deberá achegar certificado emitido polo órgano competente do Ministerio do Interior, no que conste a identificación da vítima e, no seu caso, o parentesco.

--Os suxeitos pasivos que, no día no que finaliza o prazo de presentación de solicitudes, teñan a condición de membros de familias numerosas conforme ao establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas e demais normativa concordante, gozarán dunha bonificación nesta taxa, nos seguintes termos:

- a) Familias numerosas de categoría xeral: 50 por 100.
- b) Familias numerosas de categoría especial: 100 por 100.

Para a aplicación desta bonificación, o suxeito pasivo deberá achegar certificado ou fotocopia do carné vixente de familia numerosa expedido polo órgano competente.

--Os expresados beneficiarios fiscais non terán carácter acumulativo, polo cal, en supostos de concorrencia de diversas causas que sexan a orixe do dereito para demandar os beneficios citados, o interesado deberá optar por un deles. No caso de que o interesado non exercitase a opción anterior, procederase de oficio, a considerar por orde de preferencia decrecente no que se atope debidamente xustificado ou resulte máis favorable ao interesado.



O prazo de abono das taxas en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal, coincide co prazo de presentación de solicitudes.

2. A falta de abono en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal ou da xustificación de atoparse exenta ou con dereito a bonificación do mesmo, determinará a exclusión da persoa solicitante nas Listas Provisionais, podendo emendar no prazo establecido nas bases. En ningún caso, a mera presentación da acreditación do pago da taxa en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal, supoñerá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación.

3. Procederá a devolución da taxa que se satisfixo cando non se realice o seu feito impoñible (a realización do concurso-oposición), por causa imputable á Administración ou se constate abono de maior contía á esixida, nese caso procederá a devolución do abonado en exceso.

Dita devolución realizarase, previa instancia da persoa interesada, unha vez publicada a Lista Definitiva das persoas admitidas e excluídas da convocatoria, para o que deberá cumprimentar e presentar os seguintes documentos:

- 1 Solicitude de devolución.
- 2 Solicitude de pago por transferencia de Tesourería.
- 3 DNI achegado.

A exclusión definitiva do proceso selectivo non dará lugar á devolución das taxas en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal.

BASE SEXTA.- Baremo xeral de méritos e oposición

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte:

1. Experiencia profesional: A puntuación máxima que se poderá obter por este apartado será de 2,50 puntos:

- Por servizos remunerados prestados na Administración Pública, de forma remunerada, (ben sexa mediante unha relación funcionarial ou laboral ou ben mediante contrato administrativo), desempeñando tarefas directamente relacionadas coas funcións propias da praza que se convoca: 0,15 puntos/mes.
- Por servizos remunerados prestados, ben sexa mediante contrato laboral por conta allea ou ben mediante calquera outro tipo de contrato, en empresas privadas ou en asociacións, fundacións ou institucións humanitarias, todas elas con entidade propia, desempeñando tarefas directamente relacionadas coas funcións propias da praza que se convoca: 0,10 puntos/mes.

Rexeitarase as fraccións de tempo inferior ao mes.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100%, a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas, non sendo obxecto de valoración o tempo de traballo alegado onde non se especifique a xornada prestada (diaria, semanal ou mensual).

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado de empresa ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a denominación da ocupación/profesión coa que se é contratado/a, a duración do traballo,



xornada e programa para o que se é contratado/a ou tarefas desempeñadas. No suposto de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo laboral, deberá achegarse tamén informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Non será obxecto de puntuación a experiencia laboral alegada que non quede acreditada en todos os termos indicados anteriormente.

Cando se xustifiquen os servizos mediante contrato administrativo ou contrato celebrado con algunha entidade privada, será necesario presentar ademais do contrato formalizado, certificación conforme o servizo se terminou de prestar na data especificada no contrato ou se fora o caso, que aínda se está prestando, xunto coas tres últimas facturas emitidas por cada ano que se estivo/está traballando e tamén documentación acreditativa da actividade empresarial ou profesional exercida ou que se estea exercendo.

2. Formación: ata un máximo de 6,5 puntos.

2.1 Cursos máximo 4,5

A formación acreditarase mediante a presentación de certificados no que conste o número de horas de formación realizada, os cursos deben ter relación directa coas tarefas a desempeñar.

1. Formación específica. Solo se valorará un curso:

- Monitor de tempo libre: 0,50 puntos.
- Prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre: 0,50 puntos.
- Atención ó usuario de bibliotecas, mínimo 50h: 0,50 puntos.
- Curso de informática, mínimo 50h: 0,50

2. Outros cursos:

- a- Cursos de menos de 20 horas: 0,05 puntos/curso.
- b- Cursos de 20 a 50 horas: 0,10 puntos/curso.
- c- Cursos de 51 a 100 horas: 0,15 puntos/curso.
- d- Cursos de 101 a 250 horas: 0,20 puntos/curso.
- e- Cursos de 251 a 500 h: 0,25 puntos/curso.
- f- Cursos de máis de 500 h: 0,50 puntos/curso.

Por Master: 0,50 puntos

Non se valorarán as xornadas, seminarios ou congresos.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos en horas (non en días), os mesmos valoraranse a razón de 0,05 puntos.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Cando da propia denominación do curso, non se poida deducir se o curso pode ser ou non puntuable, e se teña que acudir ao programa, entón para que sexa obxecto de puntuación será necesario que o seu programa, maioritariamente estea directamente relacionado cos cometidos da praza convocada.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia cotexada do



diploma expedido pola entidade organizadora de ter finalizado con aproveitamento o curso e onde se poda comprobar, cando proceda, a homologación ou conforme está avalado/respaldado por un organismo público.

Para acreditar a impartición de cursos, ademais de presentar a certificación da entidade organizadora onde se indique a denominación do curso impartido e a súa duración, deberá tamén aportar o seu correspondente programa oficial.

2.2 Outra formación complementaria: máximo 2 puntos.

*Titulación académica: por estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou equivalentes (valorarase un máximo de dúas das seguintes):

- Grado en Xeografía, Historia ou Xeografía e Historia ou equivalente: 1 punto.
- Grado en Biblioteconomía ou equivalente: 1 puntos.
- Grado en Maxisterio ou equivalente: 1 puntos.
- Grado en Turismo: 1 puntos

FASE DE OPOSICIÓN (de 0 a 14 puntos):

Exame teórico: máximo 14 puntos.

Realizarase unha proba teórica (de 40 minutos de duración) na que deberán de superar un exame de 20 preguntas tipo test relativas ás funcións e actividades a realizar na Biblioteca e na Casa da Lagoa, sobre o seguinte temario:

- 1) Coñecemento da antiga Lagoa e o estado actual da chaira en Sandiás.**
- 2) Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.**
- 3) Atención e xestión de bibliotecas.**
- 4) Coñecemento do termo municipal de Sandiás: Estructura do municipio. Número e nome das parroquias existentes, historia.**
- 5) Principais recursos culturais e turísticos de Sandiás.**
- 6) Coñecemento xeral dos aspectos turísticos e culturais mais relevantes da comarca da Limia.**

- Cada resposta correcta sumará 0,70 puntos. - Cada resposta errada restará 0,25 puntos. –

A proba é obrigatoria pero non eliminatória. De existir puntuacións globais negativas puntuaranse como cero puntos.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presentes e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso en todo o non previsto nas bases.

BASE SÉTIMA. Tribunal cualificador

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado polos seguintes membros, todos con voz e voto:



- Presidente: Titular e un/unha suplente designados polo alcalde deste concello.
- Secretario/a: Titular e un/unha suplente designados polo alcalde deste concello.
- Vogais: tres membros titulares e outros tres suplentes designados polo alcalde deste concello.

A súa composición publicárase coa lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, aos que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Así mesmo, o tribunal poderá valerse de colaboradores para o desenvolvemento dos diferentes exercicios. Cando proceda, para a realización e corrección do exercicio do galego, incorporárase ao tribunal como asesor/a un/unha técnico/a especialista en lingua galega.

Intentarase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio concello; os membros do tribunal terán dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o Real decreto 462/2002, do 24 de maio; nos mesmos termos serán retribuídos os/as asesores/as especialistas do tribunal e os colaboradores, que salvo disposición en contrario, percibirán as mesmas cantidades que as establecidas para os vogais.

Na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta, de acordo co establecido no art. 59 da Lei do emprego público de Galicia, que o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos, o laboral temporal, o persoal eventual e as persoas que nos últimos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores, non poderán formar parte dos órganos de selección.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, se é o caso, poida proceder á súa revisión, conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seu actos de trámite cualificados poderá interperse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O tribunal elevará á autoridade competente a correspondente proposta para adxudicar os postos, consonte coas avaliacións.

BASE OITAVA.- Procedemento de selección

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución, no prazo máximo dun mes, aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, cos nomes e apelidos, o número de documento nacional de identidade e, de ser o caso, causa de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da entidade e na sede electrónica (<https://sandias.sedelectronica.gal>).

Os/as aspirante/s excluídos/as poderán emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión durante o prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios do concello e na súa sede electrónica do listado provisional de persoas admitidas e excluídas. Quen non presente a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente da lista de aspirantes.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro de anuncios da entidade e na sede electrónica do Concello. Contra esta resolución, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da relación definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao destas publicacións.

O feito de figurar incluído/a na relación definitiva de persoas admitidas non prexulga que se recoñeza aos interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmente cando o/a aspirante sexa chamado/a.

A resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas indicará así mesmo a composición do tribunal, data e hora de realización polo tribunal do proceso de valoración de méritos alegados polos/as aspirantes definitivamente admitidos/as proba de galego e demais probas a realizar.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás e na sede electrónica do Concello.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de



que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

Para o caso de empate na puntuación final procederase a realizar o desempate valorando, pola seguinte orde, a experiencia profesional, cursos (punto 2.1), outra formación complementaria (punto 2.2) e por último a puntuación do exercicio de oposición. Se aínda así continúa o empate, darase preferencia a aquela persoa que consiga maior puntuación no apartado de experiencia profesional sen terse en conta a limitación máxima dos 2,50 puntos.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, así como na sede electrónica, para coñecemento de todos .

BASE NOVENA.- Presentación de documentación complementaria.

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro do concello, despois do chamamento, a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- Certificado negativo por delitos de natureza sexual.

Se o concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior ou que solicitado nes prazo aínda non se expedira, o/a aspirante proposto/a, non presentase as certificacións indicadas anteriormente ou fosen desfavorables, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas todas as súas actuacións, quedando excluído/a do proceso de selección cando a certificación por delitos de natureza sexual non fose negativa. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, as circunstancias contempladas no presente artigo.

BASE DÉCIMA.- Nomeamento e formalización de contratos

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, publicándose no Taboleiro de Anuncios.

Posteriormente efectuarase o nomeamento polo Sr. Alcalde e asinarase o correspondente contrato laboral.

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resulten contratadas, serán incluídas nunha bolsa de traballo para futuras contratacións que resulten necesarias, ordenadas segundo a puntuación obtida.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá a causar alta na bolsa de emprego no



posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia o posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante o último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran una das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia o traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ó traballo.
- Contrato laboral debidamente acreditado.

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior, formalizarase o contrato entre o Concello de Sandiás e o/a aspirante seleccionado/a.

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica ningunha.

O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios e na sede electrónica.

A contratación de persoal farase de conformidade coa orden de puntuación obtida.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia máxima ata o 31 de decembro de 2027.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA.- Normas xerais e impugnación

As presentes bases vinculan á Administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril; Lei 5/1997, do 22 de xullo; RD-Legislativo 1/1995, do 2 de marzo e demais normas que sexan de aplicación.

Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base quinta, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do Taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica.

Contra as presentes bases, e a resolución que as aproba e mediante a que se realiza a presente convocatoria, ao ser definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación das bases nos medios establecidos nelas.
- Opcionalmente, poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación das bases nos medios establecidos nelas.

Os actos administrativos que se deriven das bases e da actuación do tribunal poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, a administración municipal poderá, se é o caso, revisar as resolucións dos tribunais, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

O tribunal queda autorizado para aclarar as dúbidas que xurdan na interpretación destas bases no eido da súa aplicación ao proceso avaliador, así como, para tomar os acordos necesarios para o seu bo desenvolvemento, determinando o modo de proceder, nos casos non previstos.





O ALCALDE

Asdo.: Felipe Traveso García

Asinado dixitalmente á marxe.

Cod. Validación: XRYQYL4WSAXZ3MEPNKPTNY6TR
Corrección: <https://sandiás.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13

